



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO PROFESIONAL  
DE MÚSICA DA CORUÑA



**CMUS**  
PROFESIONAL  
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

---

## Programación de

# ORQUESTRA-BANDA

## 2022-23



## Índice

<b>1. Introducción .....</b>	<b>3</b>
<b>2. Metodoloxía .....</b>	<b>3</b>
<b>3. Atención á diversidade .....</b>	<b>4</b>
<b>4. Temas transversais .....</b>	<b>5</b>
4.1 Educación en valores .....	5
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) .....	6
<b>5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....</b>	<b>7</b>
<b>6. Secuenciación e organización da materia.....</b>	<b>7</b>
<b>7. Obxectivos.....</b>	<b>9</b>
<b>7.1 Obxectivos do Grao Profesional.....</b>	<b>9</b>
<b>7.2 Obxectivos da asignatura de Orquestra/Banda.....</b>	<b>10</b>
<b>8. Contidos.....</b>	<b>11</b>
<b>9. Avaliación.....</b>	<b>11</b>
<b>9.1. Criterios de avaliación.....</b>	<b>12</b>
<b>9.2. Mínimos esixibles.....</b>	<b>12</b>
<b>9.3. Procedimentos e ferramentas de avaliação.....</b>	<b>13</b>
<b>9.4. Criterios de cualificación.....</b>	<b>13</b>
<b>9.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....</b>	<b>14</b>
<b>9.6 Medidas de recuperación.....</b>	<b>14</b>
<b>9.7 Procedimentos de recuperación ordinarios.....</b>	<b>14</b>
<b>9.8 Probas extraordinarias de xuño .....</b>	<b>15</b>
<b>10. Procedimentos de avaliação e seguimiento da programación didáctica .....</b>	<b>15</b>
<b>11. Procedimentos para realizar a avaliação interna do departamento .....</b>	<b>16</b>
<b>ANEXO I: Probas de acceso.....</b>	<b>17</b>



## 1. Introducción

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e se definen no marco da nosa comunidade no *Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.*

A presente programación da concreción a ditos decretos a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

## 2. Metodoloxía

A clase semanal cun grupo amplio de alumnos permite facer un seguimiento colectivo do alumnado tanto no rendemento do conxunto como na progresión do seu estudio individual. Dito seguimento permitirá a adecuación e persoalización dos procedementos e actividades a desenvolver en función das necesidades, progreso e capacidades do grupo e os seus integrantes.

Tendo en conta que a clase consta dunha hora e media semanal, tempo que queda escaso especialmente nos alumnos dos cursos más avanzados, a optimización das sesións deberá ser unha prioridade. Polo tanto, parte do tempo de clase dedicarase a fomentar hábitos e ferramentas que potencien a autonomía no estudio individual e nos ensaios da formación, tanto nos aspectos técnicos como nos musicais.



Doutro lado, a puntualidade é un aspecto importante na dita optimización do tempo, polo que tratarase de formar unha conciencia da importancia da mesma e da necesidade de previsión da preparación dos instrumentos, a súa afinación e a propia adaptación da disposición da aula, que require dun certo tempo.

Fomentar o interese e respecto polo seu tempo persoal de estudo, concienciar da importancia da realización das tarefas encomendadas para casa e establecer uns métodos e hábitos de estudo e ensaio eficientes serán obxectivos prioritarios a desenvolver no alumno. A potenciación do sentido autocrítico tanto na interpretación como na actitude diante da materia fundamentará a consecución de ditos obxectivos.

A vocación do alumnado é outro factor que non se debe esquecer á hora de adoptar as medidas más eficientes a aplicar en cada caso. Entre o alumnado de orquestra/banda coexisten individuos cunha clara orientación cara á dedicación profesional á música e os que se van dedicar a outros estudos superiores. Procurarase en todo momento motivar ao alumnado de cara a un maior rendemento e a reforzar dita vocación nun caso e a potenciar a súa implicación e responsabilidade no outro.

Ó tratarse de alumnos maiores, o contacto coas familias pode non ter que ser moi frecuente, mais facilitarase establecer unha comunicación fluida a nivel informativo con elas.

### 3. Atención á diversidade

Como xa se mencionou, a orientación cara os estudos superiores do alumnado nestes cursos é variable, polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A vía para o tratamiento da diversidade é a adaptación curricular, que é o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.



Dependendo das circunstancias que se presenten na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico.
  - Variacións da metodoloxía.
  - Propoñer actividades de traballo alternativas.
  - Organizar o traballo de forma flexible.
- Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos.

#### 4. Temas transversais

##### 4.1 Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrollo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamiento de contidos transversais. Estes contidos, que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social, son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamiento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas á aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados nas clases desta materia.



## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día más patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cínguese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, pódense emplegar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novedade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez más accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de sí mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox ou GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.



O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Os alumnos participarán nos concertos das agrupacións. Tendo carácter de evento público de gran repercusión na vida do centro, a participación nestos concertos é obligatoria.

Poderanse organizar desde o departamento un ou varios cursos / master-class ao longo do curso. A asistencia aos ditos cursos será sempre voluntaria aínda que dado o contido dos mesmos é recomendable.

Asimesmo, o departamento pode organizar actividades externas ao centro en colaboración con outras institucións culturáis, que constitúen un magnífico escaparate cara o noso entorno social. No caso das grandes agrupacións, os concertos forman parte fundamental das actividades culturáis do centro e alcanzan gran repercusión social e mediática, polo que se valorará de maneira especial a implicación do alumnado na súa preparación, así como a asistencia a posibles ensaios extraordinarios.

## 6. Secuenciación e organización da materia

A materia de Orquestra/Banda abarca alumnado de Grao Profesional das especialidades de Corda frotada, Vento Madeira, Vento Metal e Percusión. En constante comunicación cos departamentos implicados, os directores das agrupacións agruparán aos alumnos ó comienzo do curso segundo diferentes criterios, entre os que se atopan:



1. Especialidade instrumental, dacordo cas necesidades de plantilla da agrupación correspondente.
2. Idade/curso
3. Nivel instrumental ou capacidade de desenvolvemento na agrupación.

Deste xeito, as grandes agrupacións do centro quedan configuradas xeralmente do xeito seguinte:

Agrupación	Instrumentos	Cursos
		*con excepcións por nivel do alumnado ou por necesidades de plantilla/repertorio
Orquestra Xuvenil	Corda, vento, percusión	1º a 3º de Grao Profesional
Banda A	Vento e percusión	1º a 2º de Grao Profesional
Banda B	Vento e percusión	3º a 4º de Grao Profesional
Orquestra Sinfónica	Corda, vento, percusión	3º a 6º de Grao Profesional
Banda C	Vento e percusión	5º a 6º de Grao Profesional

Según as necesidades do repertorio, poden darse casos de alumnado que participe en varias agrupacións simultáneamente ou de maneira alternativa ao longo do curso. Asimesmo, poden incorporarse alumnos doutras especialidades instrumentais coma harpa, piano, etc. Dende os departamentos didácticos facilitaranse todos estes movementos con flexibilidade e priorizando sempre os intereses do alumnado.

Como se observa, nunha misma agrupación conviven alumnos de cursos e idades diferentes, polo que esta programación debe entenderse sempre considerando estas aspectos, e a súa aplicación realizarse tendo en conta o nivel instrumental ou vocal individual do alumnado implicado. Por esta mesma razón, só se contempla a secuenciación dun curso da materia.



## 7. Obxectivos

### 7.1 Obxectivos xerais para o Grao Profesional

Os obxectivos xerais da L.O.E. para o Grao Profesional son os que se indican a continuación. Os estudos musicais no Grao Profesional terán como obxectivo contribuír ao desenrollo das seguintes capacidades no alumnado:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que componen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que componen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.



- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

## 7.2 Obxectivos da asignatura de Orquestra/Banda

As ensinanzas de orquestra e banda dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- b) Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do director e da experiencia do grupo que lle permitan cumplir coa súa responsabilidade como intérprete dentro deste.
- c) Dominar o propio instrumento daquendo coas esixencias de cada obra. Aplicar en todo momento a audición polifónica para escutar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- d) Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste de son se realice en función dos demás instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- e) Interpretar obras representativas do repertorio da agrupación de acordo co seu nivel instrumental e reaccionar con precisión ás indicacións do director ou da directora.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Respectar as normas que esixe toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc., e responsabilizarse en todo momento delas.



i) Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.

## 8. Contidos

Os contidos xerais da L.O.E. para esta materia son os seguintes. A ensinanza da práctica de Orquestra/Banda no Grao Profesional terá como obxectivo contribuír ao desenrollo das capacidades no alumnado, mediante o traballo dos seguintes contidos:

- Importancia da afinación previa a partir do LA do óboe.
- A anacruse como movemento básico da práctica do grupo.
- Reacción e comprensión ante as diferentes anacruses do director ou da directora.
- Desenvolvemento do oído para o control permanente da afinación dentro da agrupación.
  - Desenvolvemento da igualdade en ataques (instrumentos de vento e percusión).
  - Desenvolvemento da igualdade nos golpes de arco.
  - Coñecemento e valoración das normas de comportamento na agrupación.
  - Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do director ou da directora, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.
  - Importancia do papel de cada un dos membros da agrupación.
  - Traballo por seccións.
  - Traballo gradual do repertorio básico más significativo da agrupación. Valoración do silencio como marco da interpretación.

## 9. Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora, e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.



Ao comezo do curso o profesor realizará unha **avaliacián inicial** co fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación adecuada.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliacián continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

### 9.1 Criterios de Avaliación

Os criterios xerais da L.O.E. para esta materia son os que a continuación se especifican. A ensinanza da práctica de orquestra/banda no grao profesional terá como obxectivo contribuír ou desenrolar das capacidades no alumnado, o que se avaliará mediante os seguintes criterios de avaliación:

- 1) Interpretar por seccións calquera das obras programadas durante o curso.
- 2) Reproducir calquera das obras programadas durante o curso, reducindo a corda ao número mínimo posible do alumnado por cada sección dela.
- 3) Repetir unha obra de pequena dificultade.
- 4) Estudar na casa as obras correspondentes ao repertorio programado.
- 5) Realizar concertos públicos coas obras ensaiadas.

### 9.2 Mínimos esixibles.

Para poder optar a aprobar a materia, deben cumplirse os **mínimos trimestrais** seguintes en cada unha das avaliaciós:

- . Ter traballo en profundidade do 50% do repertorio dentro da agrupación.
- . Estudar as partes



- Asemade, como **mínimo anual esixible**, os alumnos deben ter participado en, a lo menos, unha audición ou concerto público ó longo do ano

### 9.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos e ferramentas de avaliación son os seguintes:

1. A Observación na práctica da materia como medio para a **avaliación continua**.
2. A Observación na práctica da materia como medio para a **avaliación inicial, trimestral e final** nas diferentes probas e audicións. Dentro destas probas, poderanse realizar:
  - . Probas de atril
  - . Exames ou probas de aula para verificar o grado de estudo das partituras

Ademais de participar na cualificación individual do alumnado como medio imprescindible de poder avaliar a súa evolución individual, como resultado destas medidas ou doutros criterios adoptados polo director da agrupación, procederase á colocación dos alumnos por atriles

### 9.4 Criterios de cualificación

A cualificación individual elaborarase a partir dos seguintes apartados:

Traballo semanal (33%)	Audición/Concerto (33%)	Proba de aula (33%)
------------------------	-------------------------	---------------------

No caso de que, por causa xustificada non podese avaliarse algún deles, excluirase da ponderación.

Dentro de cada apartado, consideraranse os parámetros seguintes nas proporcións indicadas.

Estudo individual (25%)
Coidado e organización do material (25%)



Actitude en xeral (25%)
Rendimento instrumental (25%)

## 9.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos do curso e polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que valorará as solicitudes e poderá, de consideralo oportuno, elevar dita solicitude ao Consello Escolar e á dirección do centro, quen poderá conceder a dita ampliación.

## 9.6 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivese cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que áinda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

## 9.7 Procedimentos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non podesen ser avaliados de maneira continua, poderán realizar unha proba ao final de cada avaliación, onde se presentará o repertorio traballado



durante o trimestre. No caso de que o alumno non a supere, terá dereito a presentarse ao examen a final de curso, onde se presentará o repertorio traballado durante o curso.

Nambos casos, a cualificación elaborarase a partir dos apartados seguintes:

Afinación (33%)	Ritmo (33%)	Adecuación estilística (33%)
-----------------	-------------	------------------------------

### 9.8 Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos que non obtivesen cualificación positiva na avaliación ordinaria de xuño poderán presentarse á proba extraordinaria de xuño e presentarán de xeito individual o repertorio traballado pola agrupación ó longo do curso. Nesta proba poderá solicitarse a interpretación das pezas baixo indicación de batuta. A cualificación componerase a partir dos apartados seguintes:

Afinación (33%)	Ritmo (33%)	Adecuación estilística (33%)
-----------------	-------------	------------------------------

## 10. Procedementos de avaliação e seguimento da programación didáctica

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma continua o grao de cumprimento da programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos e conxuntas dos grupos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento e ensaios, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Asímesmo, para un bo desenvolvemento da acción tutorial e unha atención



individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno e grupo.

## 11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés no estudo do instrumento, realización de ensaios, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagólica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unifícaranse criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos e os grupos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistrais, disponibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc.; en definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón só dunha forma teórica.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO PROFESIONAL  
DE MÚSICA DA CORUÑA



**CMUS**  
PROFESIONAL  
DA CORUÑA

## **ANEXO I: Probas de acceso a Grao Profesional**

Para tódolos cursos, os alumnos deberán realizar un exame lectura a vista dun ou varios pasaxes propostos polo tribunal.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

CUALIFICACION		
Afinación (33%)	Ritmo (33%)	Adaptación estilística (33%)